

CONTACTO, CAMBIO LINGÜÍSTICO E IDENTIDADE NUNHA VARIEDADE RURAL DO GALEGO

Pedro Casais Cobas
CPI Virxe da Cela
pedrocasais@edu.xunta.gal

Resumo: A partir da análise da práctica lingüística de dous falantes, este traballo trata de observar de que maneira se produce actualmente o cambio lingüístico nas variedades rurais da lingua galega. Tomando como referencia os postulados da terceira vaga da socio-lingüística variacionista (Eckert 2012), que propón que o cambio lingüístico se produce mediante o uso de prácticas estilísticas concretas por parte dos falantes, tratarase de determinar en que grao o galego oral de áreas rurais está sometido ao contacto con outras linguas e variedades. O obxectivo principal deste traballo é observar as dinámicas de cambio que se están a producir actualmente nas variedades rurais da lingua galega, a miúdo catalogadas como conservadoras e pouco permeables aos cambios, e intentar comprender cales son os factores principais que promoven eses cambios.

Palabras chave: variedades rurais, cambio lingüístico, identidade, novas ruralidades.

Title: Contact, language change and identity in a rural variety of Galician.

Abstract: From the analysis of the linguistic practice of two speakers, this work tries to observe in what way and to what extent the language change in the rural varieties of the Galician language takes place at the moment. Taking as a reference the postulates of the third wave of variationist sociolinguistics (Eckert 2012), which proposes that language change occurs through the use of specific stylistic practices by speakers, we will try to determine the degree to which oral Galician in rural areas is subject to contact with other languages and varieties. The main objective of this work is to observe the dynamics of change that are currently taking place in the

rural varieties of the Galician language, often classified as conservative and not very permeable to change, and to try to understand the main factors that promote these shifts.

Key words: rural variety, language change, identity, new ruralities.

1. Introducción

Un dos factores determinantes que motivan o cambio lingüístico no galego falado actual é o contacto coa lingua castelá e coa variedade estándar, que provoca a aparición de interferencias lingüísticas nas variedades populares da lingua. Esta entrada de interferencias no sistema lingüístico non se produce de forma equitativa en todos os espazos de fala, senón que a velocidade coa que se efectúan os cambios vén determinada polo nivel de contacto do galego con outras linguas e variedades. Tradicionalmente, estes cambios producíanse a unha maior velocidade naquelas áreas nas que o contacto era maior, especialmente zonas urbanas, onde o castelán era a lingua dominante e exercía unha forte presión sobre o galego, mentres que as variedades lingüísticas rurais eran máis conservadoras pola súa situación de illamento fronte ás innovacións que pouco a pouco ían aparecendo no sistema.

No último medio século a sociedade galega sufriu profundos cambios sociais, posto que se levou a cabo de forma ininterrompida un proceso de urbanización que supuxo en gran medida o abandono dos espazos rurais, así como parte das actividades e modos de vida que neles se desenvolvían. O rural galego, por tanto, sufriu a súa propia metamorfose, caracterizada pola industrialización do sector primario, a mellora das comunicacións e o acceso de forma case xeneralizada á cultura e á educación. Isto provocou que gran parte das áreas rurais tivesen que integrarse na economía de mercado, no marco da globalización, de forma que as variedades rurais do lingua perderon esa condición de illamento que posuían tradicionalmente, pasando a ser máis permeables ao contacto e, por conseguinte, máis vulnerables aos procesos de cambio lingüístico.

Este traballo tratará de contribuír ao estudo da variación lingüística no galego actual, co obxectivo de determinar de que maneira

o contacto do galego popular rural co castelán, coa variedade estándar e con outras linguas inflúe no cambio lingüístico que está a experimentar. Para levalo a cabo, utilizaranse os postulados da terceira vaga da sociolingüística variacionista, que enfoca o cambio lingüístico desde a perspectiva de que este é produto dun uso estilístico da linguaxe por parte dos interlocutores dentro de determinados contextos sociais, dando lugar á emerxencia de diferentes identidades segundo o contexto discursivo. Para iso, como marco teórico serán de referencia distintos traballos que analizan a creación de identidades durante a interacción (Bucholtz e Hall 2010; Johnstone 2010) e utilizarase o concepto de indexicalidade (Silverstein 2003), mecanismo a través do cal se constrúen esas identidades. Desta maneira, intentarase establecer a relación existente entre o cambio lingüístico en variedades do galego popular rural e a creación de novas identidades rurais.

2. Cambio lingüístico no galego actual

A lingua galega sofre cambios relevantes a distintos niveis debido a diversos factores. A súa situación de contacto sobre todo coa lingua castelá desde hai séculos e coa variedade estándar, desde hai case corenta anos, está a producir a emerxencia de innovacións no sistema lingüístico do galego que pouco a pouco se van estendendo. A actual situación na que se atopa é consecuencia tamén dos cambios sociais que se produciron na sociedade galega no último medio século, caracterizados polo abandono continuo das actividades e espazos que ocupaba o galego e a substitución por espazos urbanos onde a lingua castelá está máis presente, polo que o contacto con esta é máis xeneralizado. Tamén os cambios políticos que aconteceron no país despois da ditadura franquista e a posterior chegada da democracia trouxeron consigo un novo marco xurídico para o galego. A aprobación do Estatuto de Autonomía (1981) e da Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983 do 15 de xuño), xunto coa creación e difusión dunha variedade estándar, produciu que as variedades populares de lingua estean expostas ao contacto cunha nova variedade inexistente ata esta época.

Se ben é certo que o contacto galego-castelán se leva producindo de forma ininterrompida desde o século XIII (Monteagudo e Santamarina 1993, p. 123), os cambios acontecidos na estrutura social nos últimos anos deron lugar á intensificación do contacto entre ambas as dúas linguas. Se atendemos aos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG-04) en referencia á *Evolución da lingua habitual* no período de 1992 a 2004 e na franxa de idade de 16 a 54 anos, obsérvase unha forte caída do monolingüismo en galego (-14,5 %) fronte a un aumento do 12,8 % do monolingüismo en castelán. Ademais, aínda que segue a haber unha predominancia das condutas bilingües, inverteuse a tendencia e o uso do galego foi superado polo da lingua castelá. Tamén a difusión da lingua castelá mediante a escolarización en todas as capas da sociedades xerou unha maior aproximación a esta lingua. Como efecto destas dinámicas aumentou a presión castelanizadora sobre o idioma e incrementouse a aparición de innovacións lingüísticas no sistema. Por outra banda, os cambios producidos non se limitan unicamente ao plano do léxico, como acontecía cando o contacto entre linguas era máis limitado, senón que se estenden pola totalidade dos planos gramaticais, na fonética, na morfoloxía flexiva ou na sintaxe, e incluso seguen a entrar formas do castelán no vocabulario básico diario (partes do corpo, os distintos escenarios urbanos etc.) (Mariño 2017a, p. 59).

Se o contacto coa lingua castelá soporta o peso principal no proceso de cambio lingüístico no idioma galego, a introdución e difusión dunha variedade estándar deu lugar a un novo escenario para a creación e difusión de innovacións lingüísticas nas variedades populares. Esta variedade, que se propaga sobre todo por medios de comunicación como a CRTVG e mediante a difusión no sistema público de ensino, “implicou non só a xeración dunha variedade formal cada vez máis codificada, senón tamén un aumento de prestixio e un recoñecemento social e político que fixo posible que na actualidade sexa lingua cooficial da Comunidade Autónoma de Galicia” (Mariño 2017b, p. 19). Desta forma, a creación e difusión por diversos medios dunha variedade supradialectal e unificada supuxo a introdución de innovacións nas variedades populares da lingua de modo que o cambio lingüístico no galego actual tamén está

inducido por efecto do proceso de normalización que se leva producindo duns anos para aquí.

Nesta nova situación, a lingua galega pasou a estar presente na esfera pública, lugar en que comezara a facer pé na época das Irmandades da Fala, o grupo Nós e a II República, período no que gran parte da actividade política de carácter galeguista se producía en galego (Monteagudo 1999, p. 396) e da que fora expulsada polo golpe de Estado de 1936 e a ditadura subsecuente. A aparición destes novos espazos para a lingua (especialmente os medios de comunicación e o seu usona política) desembocou na aparición de variedades diastráticas con características propias, que se estenden por todo o territorio e que a priori teñen unha percepción favorable por parte dalgúns falantes. Entre os modelos que se difunden son frecuentes algúns que se caracterizan por presentar unha base fónica do castelán (desfonoloxización da oposición entre vogais medias abertas e pechadas, problemas na distinción entre [s] e [ʃ]) ou que presentan elementos gramaticais prototípicos do español (como a colocación dos pronomes átonos) así como modelos discursivos e expresións feitas propias desa mesma lingua (Regueira 2016). Produto da difusión destas innovacións, xa se teñen observado nalgúns variedades populares do galego cambios fonolóxicos que afectan a algúns dos trazos característicos, coma a evolución da gheada (Míguez 1996; González 2003) ou a evolución no sistema de sibilantes en áreas seseantes (González 1991).

Por tanto, nos últimos anos, as variedades orais do galego consideradas como tradicionais están a experimentar cambios en diferentes niveis. Estes cambios obedecen a causas externas, o contacto sobre todo co castelán e coa lingua estándar, mais tamén presentan dinámicas de cambio que non poden ser atribuídas de forma exclusiva a factores deste tipo. Nalgúns traballos de campo recentes, nos que se estuda o cambio e a variación lingüística en falas rurais do occidente da provincia da Coruña (Regueira 2014, 2015), obsérvase que a través da interacción, os falantes crean novas variedades nas que se combinan trazos da súa área con elementos lingüísticos que proveñen de variedades translocais. Estas variacións prodúcense durante o discurso e son empregadas para a construción de posturas e roles durante a interacción. Neste sentido, indican a necesidade

de ter en conta a percepción e as actitudes dos falantes sobre as variedades que teñen dispoñibles. Neste contexto é no que se inscribe este traballo.

3. As relacións rural-urbano: a ruptura dunha dicotomía

De forma recorrente, as concepcións dos termos *rural* e *urbano* veñen sendo asociadas a unha serie de dicotomías ou oposicións. Deste xeito, tal e como estableceron Bealer, Willits e Kuvlevsky (1965), para facer unha aproximación á definición de áreas *rurais* desde o campo da socioloxía, estas son entendidas como “areas of low population density, small absolute size and relative isolation, where the major economic base was agricultural production” e con estilos de vida “differentiated from that other sector of society, most notable, the city” (Bealer, Willits e Kuvlevsky 1965, p. 255). Ao igual que acontece no imaxinario popular e noutras ciencias sociais, no campo dos estudos sociolingüísticos, as variedades lingüísticas das áreas rurais acostuman concibirse como as máis conservadoras polo seu contexto de illamento (Fernández Ordóñez 2012), fronte a outras variedades que están expostas a un maior contacto, polo que se asocian ao concepto de *falantes representativos*.

Mais o certo é que nas últimas décadas os cambios sociais acontecidos nos campos económico, social e cultural contribuíron de forma notable a reducir esas diferenzas dicotómicas entre as concepcións de *rural* e *urbano*. Desde unha perspectiva galega, por unha banda produciuse un abandono masivo dos espazos rurais e das súas actividades en favor de vilas e cidades, e tan só un 6,6 % da poboación (IGE 2016) está ocupado en actividades relacionadas co sector primario. Por outra banda, produciuse nestas zonas unha mellora das infraestruturas que facilitan a comunicación coas grandes urbes, polo que é máis doado manter contacto con zonas onde o castelán é a lingua dominante. Desta maneira, o rural galego está a experimentar unha modernización veloz, no sentido de que as comunicacións do século XXI (televisión e Internet) están presentes nos fogares de forma xeneralizada. Ademais, a escolarización, que chega de maneira máis uniforme a todas as capas da sociedade, e a mellora da situación económica permitiron, en moitos casos, que a poboación rural se

trasládase ás grandes urbes para recibir educación superior, maioritariamente universitaria, levándose a cabo así un proceso de *contraurbanización*, que consiste “en la expansión física, social y cultural de la ciudad” (Roseman, Prado e Pereiro 2013, p. 6).

Polo que respecta ao sector primario, sufriu tamén unha modernización de maneira moi repentina e en gran parte grazas aos fondos recibidos das institucións europeas para levar a cabo un proceso de profesionalización, dando lugar a explotacións sometidas ás presións dos sectores comerciais, dominados por grandes empresas transnacionais na maioría dos casos. Así pois, produciuse o que algúns autores denominaron un proceso de *descampesinización*, que consiste na “desaparición gradual del campesino, del pequeño productor, dueño de la tierra y que no se inserta en las formas de producción agroindustriales” (Ruiz e Delgado 2008, p. 88) para dar paso a produtores agrícolas e gandeiros que presentan un perfil máis empresarial. A suma destes factores tradúcese nun maior grao de formación por parte dos habitantes das áreas rurais, polo menos con respecto á actividade que desempeñan. Esta formación, baseada principalmente de prácticas e técnicas agrarias importadas doutros países, vai acompañada moitas veces de terminoloxía específica en castelán e outras linguas.

Desde xeito, o mundo rural, acostumado a ser concibido como un espazo social estático e pouco susceptible de cambios en todos os seus aspectos, está a experimentar novas formas de organización social que ocasionan a emerxencia de novos perfís de axentes sociais (novas ruralidades), fundamentadas principalmente na adopción de estilos de vida máis heteroxéneos, unha maior mobilidade e un acrecentamento do contacto coa cidade. Polo que o contacto das variedades lingüísticas rurais coa lingua castelá e tamén coa variedade estándar se produce de forma máis intensa, ocasionando que estas sexan máis susceptibles aos cambios do que se pensaba.

4. Caracterización da área de estudo

A área de estudo seleccionada para levar a cabo este traballo abrangue dúas localidades situadas nos concellos de Negreira e Mazaricos, no occidente da provincia da Coruña. Trátase de dous puntos da

meseta de Santa Comba que levan mantendo relacións de carácter sociocultural e económico dende hai moito tempo, xa que a capital da comarca do Xallas foi durante moitos anos o epicentro de intercambios, e por conseguinte, onde se creou unha estrutura social máis ou menos estable que aínda hoxe perdura.

Nos últimos anos esta área non estivo exenta das mudanzas sociais, políticas e económicas producidas no resto do país. A partir dos anos sesenta converteuse nunha área exportadora de emigrantes, especialmente cara a Europa Central, sendo Suíza o país que máis emigrantes recibiu dende esta zona. Este tipo de emigración, baseada na acumulación rápida de capital e no retorno, permitiu que nestas áreas se producisen dous tipos de investimentos que modelarían a sociedade que coñecemos hoxe. Por unha banda, investiuse en gandería, especialmente en vacún de leite, o que ocasionou que hoxe esta área posúa unha das cabanas máis importantes do país, e que constitúe a base principal da economía destes municipios; e, pola outra, na construción e n bens inmobiliarios, que deron lugar a que o grao de urbanización aumentase de forma considerable. Con todo, segundo datos do IGE para o ano 2016, a clasificación do grao de urbanización¹ dos dous concellos é a de Zona Pouco Poboada (ZPP); e o grao de suburbanización² corresponde ao de ZPP intermedia para Negreira e ao de ZPP baixa para o concello de Mazaricos. Xa máis recentemente, os datos apuntan a que se está a producir unha terciarización da economía, aínda que en menor medida que noutras zonas de Galicia (Balsa, p. 2011), acompañada dun novo éxodo rural principalmente cara aos núcleos vilegos e ás urbes máis próximas (Santiago e A Coruña) e, en última instancia, cara a outros países como Suíza ou cara a grandes cidades españolas.

Para este traballo ten especial transcendencia o sector gandeiro, xa que escollemos informantes que se dedican á explotación do vacún de leite, pois esta actividade é case en exclusiva a responsable do mantemento de poboación nas áreas rurais. Con todo, o peche masivo de explotacións a causa dos baixos prezos do produto

1 <https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/MetodoloxiaGU-2016Concellos.pdf>

2 <http://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/rural-urbano/MapaConcellosSub-grao.htm>

e a falta de relevo xeracional provocaron que na actualidade existan poucas explotacións, aínda que competitivas, que producen para os grandes mercados. Ademais, produciuse unha importante profesionalización do sector, acompañada dunha maior formación dos propietarios, en moitos casos titulados universitarios, que ven nel unha oportunidade empresarial.

Dada a situación xeográfica, os trazos lingüísticos que esperamos obter dos nosos interlocutores deberían corresponder coas variedades dialectais características da subárea do Xallas. De acordo coa caracterización dialectal efectuada por Fernández Rei (1990, pp. 117-119), as falas desta subárea presentan os seguintes trazos:

- a. Desde o punto de vista fonético, hai presenza de seseo pre-nuclear con [s] predorsal, aínda que nalgún punto achegado á costa pode realizarse de forma apical; tamén está presente a despalatalización da consoante fricativa palatal xorda /ʃ/ [ʃa] por [ʃa], así como a palatalización do -s final [ˈbakaʃ] por [ˈbakas]; e incluso aspiración de -s posnuclear implosivo seguido por consoante [ahˈβakas] por [asˈbakas], aínda que tal e como apuntou Rial Montes (2018) nun estudo realizado no concello de Zas, limítrofe coa nosa área de estudo, nos falantes máis novos “obsérvase un sistema non descrito anteriormente, formado por dúas unidades: a fricativa interdental xorda /θ/ e a sibilante apicoalveolar /ʃ/, no que se mantén a despalatalización do /ʃ/ sen se tratar dunha fala seseante” (2018, pp. 1-2).
- b. Desde o punto de vista morfosintáctico, os fenómenos máis destacables son o cheísmo e o sufixo de número e persoa -*stes* para a P2 do pretérito de indicativo (*ti batestes, ti bailastes*), fronte á realización con sufixo -*ches* (*ti cantaches, ti bateches*), mais tamén na P5 pode haber a realización -*stes* (*vós comestes*) ou, pola contra, pode aparecer o sufixo -*stedes* para romper o sincretismo (*vós comestes, vós coméstedes*). En canto á P6 deste mesmo tempo, poden aparecer as formas -*ron* (*eles cantaron*) ou -*no(n)* (*bailano, bailanon*). A realización das formas do presente de subxuntivo dos verbos *haber* e *saber* realízanse mediante as formas *haba, habas, haba, habamos, habades, haban* para *haber*; e *saba, sabas, saba, sabamos, sabades, saban*

para *saber*. Por outra parte, esta subárea presenta acentuación non etimolóxica nas formas do tipo *cantábamos*, *cantáramos*, *cantariámos* fronte á etimolóxica *cantabamos*, *cantaramos* e *cantariamos*.

Aínda que existen outro tipo de formas diferenciais que distinguen estas dúas subáreas, a do Xallas e a do Tambre-Barbanza, dúas son principalmente as isoglosas que as separan: a que marca a evolución dos grupos latinos -UCT-, -ULT-, -OCT- e -ORI-, que xeraron os ditongos -*ui*- para a subárea do Xallas fronte a -*oi*- para a do Tambre-Barbanza; e a isoglosa que diferenza entre as formas verbais dos pretéritos da 2ª e 3ª conxugacións con vogal temática *i* (*comiu* / *partiu*) para a subárea do Xallas, e con vogal temática *e* (*comeu* / *parteu*) para a subárea do Tambre-Barbanza.

5. Metodoloxía e marco teórico

Para realizar este estudo de caso tomáronse como referencia dúas gravacións realizadas no primeiro trimestre de 2018 en dúas localizacións dos concellos de Negreira e Mazaricos. A tipoloxía da mostra correspóndese á da entrevista semidirixida, modalidade na que “se preparan las preguntas con anterioridad, pero hay libertad en el manejo de temas durante su desarrollo” (Calderón e Alvarado 2011, p. 14). Neste caso, entrevistador e informantes xa se coñecían, e tanto a entrevista coma a temática que se ía tratar nela se pactaran con días de antelación. En canto aos usos lingüísticos, o entrevistador, oriúndo da zona, empregou a mesma variedade dialectal, cun rexistro coloquial e aproximado ao contexto conversacional co obxectivo de que as persoas entrevistadas aproximasesen as intervencións á súa fala espontánea e que empregasesen o seu vernáculo, é dicir, unha variedade cun baixo grao de monitorización.

A temática tratada na entrevista estaba relacionada coa explotación do gando vacún de leite, actividade profesional dos informantes. Estes teñen a priori perfís sociolingüísticos similares: individuo de idade comprendida entre 30 e 50 anos, sexo masculino, galegofalante inicial e residente nunha zona rural. Tamén procuramos que o nivel de formación non fose superior; é dicir, non

universitario. A motivación da escolla deste tipo de perfil débese a que desde un comezo se buscaba informantes que desenvolvesen a súa vida diaria no medio rural, lonxe de ambientes urbanizados e que mantivesen o seu vernáculo.

As mostras recolléronse mediante unha gravadora Tascam DR-100 MKII, cedida polo Instituto da Lingua Galega, e posteriormente sometéronse a un proceso de anotación e transcripción mediante o software ELAN 5.1,³ a partir do cal se seleccionaron os aspectos lingüísticos pertinentes para os obxectivos propostos. O tempo mínimo das intervencións estableceuse nos vinte minutos por informante, para poder crear un corpus representativo dos diversos fenómenos lingüísticos que se empregarían para a súa análise.

Como mencionamos na introdución, para levar a cabo este estudo tivéronse como referencia os postulados da terceira vaga da sociolingüística. Esta corrente, nacida na década dos anos 90 no seo da sociolingüística norteamericana, estuda a relación existente entre o fenómeno da variación e o uso da linguaxe para a creación de identidades. En palabras de Penelope Eckert (2012, pp. 93-94), a sociolingüística variacionista da terceira vaga estuda os usos lingüísticos “in which speakers place themselves in the social landscapes through stylistic practices”. Neste sentido, a vaga céntrase nas prácticas lingüísticas de individuos concretos, os cales crean estilos a través das variables dispoñibles. Así pois, a terceira vaga enfócase en contextos microsociais como son os de interaccións individuais, mentres que a primeira e a segunda se enfocan unicamente en contextos macrosociais (Eckert 2012, pp. 91-92).

O concepto de variable lingüística enténdese aquí como un recurso á disposición do interlocutor que, aínda que se asocia a categorías macrosociais, empregado de forma individual para crear prácticas estilísticas propias en contextos temporais concretos, coa pretensión de marcar en determinados casos a pertenza a grupo sociais cos cales estas variables se correlacionan. Por outra banda eses recursos lingüísticos dispoñibles polos interlocutores “arise from decisions people make in interaction when they are talking to a real person and thinking about ‘who they are’ in relation to that person

3 MaxPlanckInstitute for Psycholinguistics (<https://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/>)

or people.” (Kiesling 2009, p. 172), dando lugar a que os usos lingüísticos empregados na interacción estean condicionados por diversos factores, como os roles dos participantes na interacción, a clase social, o xénero ou a idade. Este tipo de prácticas, e sobre todo as orais orixinadas na inmediatez, contemplan un rexistro marcado pola adaptación dos usos lingüísticos cara a unha maior aceptación por parte do resto dos interlocutores cos que se interactúa (Penny 2004, p. 118).

A creación destas prácticas estilísticas está estreitamente relacionada coa emerxencia de identidades a través da interacción ou do discurso. Neste sentido, o concepto de identidade enténdese non como unha entidade preexistente ou dada por feitos naturais, senón que se constrúe a través das nosas prácticas diarias e, especialmente, a través dos usos lingüísticos. Diversos traballos no seo da psicoloxía social demostraron que a forma en como falamos está condicionada en parte polas persoas coas que estamos a falar (Joseph 2010, pp. 12-13).

Por outra parte, desde un punto de vista da lingüística socio-cultural, a identidade enténdese como a posición social dun mesmo fronte a outros interlocutores e determínanse varios principios polos cales esta emerxe a través da nosa interacción e da linguaxe (Bucholtz e Hall 2010, pp. 19-20). Deste modo, a identidade non é só un mecanismo psicolóxico individual, pois no seu desenvolvemento toma especial relevancia a linguaxe na sociedade. Porén, existen aínda outros factores implicados na súa construción, pois “at the most basic level, identity emerges in discourse through the temporary roles and orientations assumed by participants, such as evaluator, joke-teller and engaged listener” (Bucholtz e Hall 2010, p. 20). A formación da identidade engloba, entón, para alén das categorías macrosociais, locais e etnográficas, o factor temporal e a posición na interacción que xorde voluntaria ou involuntariamente e os roles que asumen os participantes.

Ademais, como xa se mencionou, tamén se tivo en conta o concepto de *indexicalidade*, entendido como o mecanismo mediante o que se constrúe a identidade a través do discurso e “it is fundamental to the way in which linguistic forms are used to construct identity positions” (Bucholtz e Hall 2010, pp. 21-22). As formas

lingüísticas son seleccionadas polo falante para a creación do seu discurso, sempre adaptado a cada circunstancia da interacción, e así dar lugar á creación de identidades ou distintas posturas na conversa, ocasionando que estes elementos indexicais teñan diferentes significados dependendo do contexto. Deste xeito, como afirma Kathryn Woolard (2008, p. 437), “language users everywhere tend to associate particular linguistic forms with specific kinds of speakers or contexts of”, incluso podendo facer valoracións sobre eses tipo de ítems indexicais (é da costa / *fala coma un ministro!*). Esta asociación prodúcese porque se fai un uso xeneralizado das formas por parte dun grupo / falante e ese elemento lingüístico serve para indexalo. Ademais, a indexicalidade prodúcese en diferentes niveis (Silverstein 2003; Johnstone 2010). Nun primeiro nivel (*indexicalidade de primeira orde*), o uso dunha variante lingüística por parte dun individuo pode indexar categorías macrosociais como a orixe ou o estrato social (pensemos nunha variante como a gheada, que a priori apunta a falantes dunha área lingüística concreta, dun estrato social determinado e pode asociarse tamén a contextos informais). Nun segundo nivel (*indexicalidade de segunda orde*), os falantes racionalizan e xustifican os índices lingüísticos da primeira orde, o que provoca a creación de ideoloxías sobre os mesmos. Neste sentido, a escolla por exemplo de non usar a gheada por parte dun falante que a posúe, proxecta unha identidade social, que neste segunda orde de indexicalidade apunta cara a contextos formais ou ao contexto dunha variante empregada por unha elite intelectual na que o propio falante se intenta adscribir.

En síntese, a sociolingüística variacionista de terceira vaga pretende estudar o valor indexical dos recursos lingüísticos empregados polos falantes. As opcións lingüísticas escollidas son interpretadas desde unha perspectiva cultural e social, polo que poden ser comprendidas con maior flexibilidade e desde a perspectiva de os considerar como axentes creativos que empregan diferentes recursos lingüísticos para crear posturas e identidades (Pizarro 2016).

6. Análise do corpus

Neste apartado preséntanse as características máis importantes da análise lingüística das intervencións dos informantes. Así pois, faise un percorrido polos diferentes planos gramaticais mostrando algún dos aspectos que son de interese para levar o estudo en cuestión.

6.1. Informante 1

O primeiro informante reside en Babión, aldea situada na parroquia de Bugallido, no concello de Negreira. No momento da entrevista tiña trinta e nove anos e desde había dous traballaba e xestionaba a explotación familiar, que contaba naquel momento con 70 cabezas de gando. Ten a titulación de técnico en Dirección e Xestión de Empresas Agrarias realizado no EFA Fonteboa (Coristanco), e parte da súa formación realizouna en La Vendée (Francia). A súa vida laboral estivo sempre ligada ao sector primario e traballou como capataz en granxas de vacún de leite durante dez anos, mais tamén no sector terciario como comercial de maquinaria agrícola e operario nun matadoiro situado na Pereira (Santa Comba).

A súa lingua presenta unhas características peculiares que describiremos a continuación, mais que en termos xerais podemos describir como a combinación de elementos prototípicos da súa variedade local con interferencias lingüísticas na súa maioría do castelán, especialmente no léxico e na sintaxe, pero tamén de linguas estranxeiras como o inglés.

No que respecta á fonética, no plano do vocalismo presenta sete fonemas vocálicos, facendo distinción no grao de apertura entre as vogais medias altas anterior /e/ e posterior /o/ e as correspondentes vogais medias baixas /ɛ/ e /ɔ/ (*prad[ɛ]ras, n[ɔ]be*). Pola súa banda, na evolución dos grupos latinos -ULT-, -UCT-, -OCT-, -ORI-, a realización *-ui-* característica desta área dialectal (*muito, muitas, uito*) alterna coa realización estándar *-oi-* (*oito, oitocentos, moitas, moito*).

En canto ao plano do consonantismo, presenta ausencia de gheada, pois non se recolle ningún caso durante toda a súa intervención en que empregue este fenómeno (*ganadería, gastos*), mais si se produce en contextos no que o discurso do informante foi interrompido por persoas alleas á entrevista e se produciu un cambio

de rexistro (*ta ghravando, me cagho na virgen...*), polo que o uso da gheada está reducido a situacións externas á entrevista. No caso do seseo, tampouco se produce ningunha realización deste e, en canto á despalatalización da consoante fricativa palatal, só se recolle un caso (*puso*); respecto do fonema /s/ en posición de coda silábica podemos destacar que conviven a pronuncia aspirada (*mah* ou *duh-centas*) co mantemento da sibilante (*máis, más*).

No plano sintáctico, de forma xeral fai un uso adecuado que se corresponde coa gramática do galego común, exceptuando nalgunha ocasión, como por exemplo *¡ eles chas recrían i chas volven a mandar| pois preñadas para [...]* ou en *¡ a crías mal*, en que antepón o pronome ao verbo en casos en que a sintaxe do galego tradicional exige a posposición.

Xa atendendo á morfoloxía, a evolución do sufixo latino -TATE presenta alternancia entre a variedade tradicional (habitual na lingua falada): *o ganadero tiña a cuota coma unha propiedá*, e unha forma rematada en consoante fricativa interdental /θ/: *en presecados largos, perdes proteína, perdes calidad, i o tempo que perdes calidad, perdes digestibilidad*. Esta forma é propia dalgunhas variedades dialectais do castelán, mais non se produce en ningunha outra variedade rexistrada do galego. Cabe destacar, ademais, a presenza ocasional no seu discurso da paragoxe, mais non é unha tendencia xeneralizada (*tere* por *ter*, *despoise* por *despois*, *jodere!* por *joder!*). Con respecto aos grupos cultos do tipo -ct-, -pt-, -cc-, acostuma reducilos (*hetárea, adata* ou *ótimo*), pero utiliza o grupo -ct- cando fala dos herbicidas “*de amplio espectro*” (*espectro*).

En canto ao léxico, na súa construción discursiva emprega de forma recorrente interferencias do castelán, de maneira que no vocabulario deste informante abundan os castelanismos e palabras procedentes doutras linguas referidas á ganadería e á agricultura. Así pois, non emprega a forma galega para o proceso de extracción do leite (muxido), senón que en todas as ocorrencias utilizou a forma castelá (ordeño) e as súas diferentes realizacións (*sala de ordeño, estamos na era de ordeño robotizado* ou *ordeñamos*). O mesmo acontece con termos como *novilla, ganadero, inyectar, sembrar, implantar, terneros*, entre outras. Por outra banda, usa algunhas formas verbais do castelán en verbos como *supondría* ou a forma adverbial *todavía*.

Ademais disto, tamén é recorrente pola súa parte o uso da forma *i* para a conxunción copulativa *e*, como se mostra nos seguintes casos: (*i a crías mal, i eles chas recrían i chas volven a mandar*). Polo que respecta ao inglés, son comúns os tecnicismos relacionados co mundo da xenética (*flushing*) ou das especies pratenses (*rye-grass*), pero tamén nalgún substantivo abstracto: (*a climatología é o gran hándicap que temos aquí*), que emprega probablemente para darlle certa profesionalidade á súa intervención.

En referencia ao nivel do léxico, fai uso dunha linguaxe técnica en referencia a todos os aspectos do seu ámbito laboral, en especial sobre a agronomía, mais debemos destacar que, en certas ocasións, na súa construción discursiva crea termos derivados como *aplique*, como no segmento *nun aplique de purín |en superficie*, que se crea por analogía co proceso formativo de parellas do tipo *aportación-aporte*, que emprega noutras ocasións. Tamén é coñecedor de terminoloxía específica da química, como podemos apreciar no seguinte fragmento da conversa: [*vas ter perdas por volatilización... |E:| que é eso?*] I1: *que se evapora a parte de nitróxeno |non o vai absorber a terra*]. Isto denota a vontade de xerar posturas de profesionalidade e precisión lingüística nun contexto determinado (conversa formal gravada para un estudo lingüístico).

6.2. Informante 2

Este informante reside no lugar de San Cosme de Antes, pertencente á parroquia do mesmo nome, no concello de Mazaricos. No momento da entrevista tiña trinta anos de idade e traballaba e xestionaba a explotación familiar, que contaba naquel momento con aproximadamente duascientas cabezas. Estudou un ciclo superior de electrónica no IES Terra de Xallas. Ademais, con respecto a súa formación como gandeiro, realizou cursos por horas na Oficina Agraria Comarcal de Santa Comba sobre benestar animal e transporte de gando bovino, e realizou tamén un ciclo medio sobre agronomía en Sergude (Boqueixón).

No plano fonético, conserva as vogais tradicionais do galego (*h[ɛ]rba* ou *nitr[ɔ]geno*), pero non hai ningún rexistro de gheada nin de seseo, nin tampouco aspiración de /s/ en coda silábica, trazos fonéticos característicos desta área dialectal, mais si hai despalatalización

do son fricativo palatal /ʃ/ (*ecolósico, senómico, sa* ou *hose*). Con respecto á evolución dos grupos latinos -ULT-, -UCT-, -OCT-, -ORI-, só se realizan mediante a forma -oi- (*moito, moita, moitísimas, oito* ou *noite*), polo que non utiliza a evolución -uit-, característica da área dialectal á que pertence. Por outra banda, atendendo á sintaxe, constrúe as oracións acorde á gramática do galego común, polo que ao contrario que o informante 1, non presenta interferencias do castelán.

Desde o plano morfolóxico, emprega polo xeral a terminación -dade para as evolucións da terminación latina -TATE (*disestabilidade, calidade*), que se corresponde coa forma estandarizada, sen alternala con outras realizacións.

Atendendo ao repertorio do léxico deste informante, podemos destacar que na súa construción discursiva existen dúas tendencias: por un lado, presenta un vocabulario técnico no que predominan principalmente as interferencias da lingua castelá e do inglés, pois, por exemplo cando se lle pide que explique o proceso da extracción do leite fai un especial fincapé no uso da forma do castelán *ordeño*, a pesar de que se empregou por parte do entrevistador a forma *muxido*: “E: *Podes explicar o muxido, o seu proceso...?*”, ao que responde de forma inmediata *A nosa explotación dispón dunha sala de ordeño de espiña de pescado... É unha sala de ordeño..., ordeña cinco vacas por cada lado e o ordeño, a rutina do ordeño realizase da seguinte forma...*

Destacamos novamente desde o punto de vista terminolóxico o uso técnico de palabras que teñen relación coa morfoloxía dos bovinos e da veterinaria (*tercio superior ou anterior*), mais que en innumerables ocasións son propias do castelán (*corvejóns, paletilla* ou *rodilla*). No caso do termo *ubre*, emprega tanto a forma masculina propia do galego (*as vacas dispoñen de catro patas e un ubre*), pero tamén a forma feminina do castelán (*as mamitis, son as inflamacións da ubre*). Tamén está presente nomenclatura clínica na descrición das diferentes enfermidades das vacas, recursos léxicos que na súa maioría son importados do campo da veterinaria en referencia aos distintos tipos de bacterias: *normalmente os máis comúns son os estafilococos uberis, colibacilares | estreptococos | estafilococos, tanto pode ser aglactiae [agalactiae] como diglactiae [dysgalactiae], despois pódelos*

dividir en gran [gram] negativos ou gran positivos, demostrando un amplo coñecemento sobre certos elementos da súa profesión.

Outra das características salientables da súa intervención é a adopción dun rexistro lingüístico que, en ocasións, diverxe do empregado polo entrevistador. Se ben na conversa o entrevistador fixo uso dunha variedade próxima á que se esperaba do informante (mesma variedade dialectal, cun rexistro coloquial e aproximado ao contexto conversacional) co obxectivo de que este empregase o seu vernáculo, o informante optou de forma inmediata por facer uso dunha variedade próxima ao estándar. Este tipo de practicas é o que Blommaert (2010, p.33) denomina “salto de escala”, que consiste nunha toma de postura que vai “from the individual to the collective, the temporally situated to the trans-temporal, the unique to the common, the token to the type, the specific to the general. And the connection between such scales is indexical”. Desta maneira, na secuencia na que se conversa sobre o concepto da ecoloxía, o entrevistador introduce o tema de forma coloquial [E: *Fálase moito do rollo este de ganadería ecolóxica blablabla | [...] | a túa opinión | se conoces algunha ganadería*], ao que o noso informante responde cun rexistro formal moi aproximado á lingua estándar: [*si que conozo ganaderías que estean en ecolóxico | parece unha aposta | de futuro | pero non: | non unha op# | [...] porque pa cambiarte a ecolóxico | hai que:: | encaixar dentro dun perfil de:: | de gandeiría | que nós | polo tamaño que temos a día de hoxe | non: | non encaixaríamos nela || non dispomos de: | tantas hectáreas | como pa poder realizar pastoreo*].

Non obstante, en contraposición ao salto de escala exposto anteriormente, no treito final da gravación pídeselle ao entrevistado que achegue calquera aspecto que considere salientable do seu traballo ou relacionado coa temática tratada. Na súa intervención aparecen algúns trazos do galego popular que non foran recollidos con anterioridade como pode ser a terminación popular *-dá*, como en *A verda é que [...], parece a verda a cousa máis maravillosa* ou *Joder | porque é:: | inda que pareza mentira*, o que denota que se produce unha ruptura do discurso, que ata o momento se baseara nunha construción formal, e dá paso á creación dun estilo máis informal inducido por un cambio de contexto.

7. Discusión

En Galicia, a percepción social das variedades lingüísticas vai asociada principalmente á fonética. Desde este plano, a gheada e o seseo constitúen dúas variantes fonéticas que se dan no occidente de Galicia e que consisten na pronuncia dunha consoante fricativa (glotal, larínxea ou velar) e dun son fricativo alveolar xordo nos contextos en que no resto do galego aparecen unha oclusiva velar sonora e unha fricativa interdental, respectivamente. Historicamente, estas dúas variantes tiveron sempre unha consideración social negativa por parte dos falantes e están asociadas a contextos de informalidade. Desde o punto de vista da dialectoloxía perceptiva, Suárez Quintas (2017), que estuda a percepción e a actitude respecto das variantes fonéticas máis marcadas como a gheada, confirma esa connotación negativa, incluso por parte dos falantes que as utilizan.

Neste sentido, estas dúas variantes indexan, por unha banda, pertenza a un grupo social determinado (clase social baixa, normalmente de orixe rural e mariñeira), e os nosos informantes parecen considerar que son variantes aptas unicamente para contextos informais, mais non para o contexto ao que estaban expostos no momento no que se gravou a conversa. Por esa razón tenden a non utilízalas, excepto cando se producen situacións en que a formalidade se rompe debido a circunstancias alleas ao discurso, como por exemplo o atragoamento co fume dun cigarro proporcionado polo entrevistador, utilizando así expresións coloquiais: (*me cagho na virghen... ti que botastes aquí?*).

Outro fenómeno común por parte dos informantes é a despalatalización da consoante fricativa palatal /ʃ/ xunto coa oposición /s/-/θ/. Neste sentido, atopámonos ante un sistema coma o descrito por Rial Montes (2018) no concello de Zas, que consiste nun sistema en que os falantes máis novos presentan despalatalización (trazo intrinsecamente ligado ao seseo) sen teren o propio seseo. Este feito explícase polo forte contacto co castelán e coa variedade estándar a través de factores como o ensino, os medios de comunicación ou a constante mobilidade (2018, p. 26).

Os falantes utilizan estes trazos característicos para a construción de identidades durante a interacción. O primeiro nivel (indexicalidade

de primeira orde) prodúcese cando os usuarios da lingua son capaces de asociar uns usos lingüísticos a estereotipos de falantes. Eses usos evidencian informacións como a clase social ou a procedencia xeográfica, como por exemplo no caso do seseo asociado a certas área lingüísticas, como recolle o dito popular *Os de Masaricos baten co soco na asera*, que asocia esa pronuncia aos veciños mazariáns; no caso da gheada, asociada a clases sociais baixas e cunha percepción negativa por parte incluso dos seus falantes (Freixeiro Mato 1998, p. 157). O segundo nivel (indexicalidade de segunda orde) prodúcese cando o falante usa unha variante lingüística escollida coa pretensión de crear determinadas identidades e posturas. A escolla destas variantes evidencia que os falantes optaron por formas pertencentes á variedade estándar e que non son características das súas áreas dialectais para deixar claro que se atopan nun contexto de formalidade mantendo unha conversa especializada sobre a súa actividade laboral, polo que tamén supón un intento de marcar un grao de profesionalidade sobre o seu traballo. Así mesmo, tamén se pode considerar que o uso destas variantes aproximadas ao estándar podería estar influenciado pola presenza dunha persoa (entrevistador) que non pertence ao mesmo grupo social, mais que si mantivo a variedade local nas súas intervencións.

Outro caso similar ocorre co emprego das formas con ditongos *-ui-* e *-oi-* no primeiro informante (*uito, oito; muito, moito*), mais que no caso do segundo opta soamente pola variante estándar *oi (moitas, oito)*. O uso destas formas indexa principalmente o lugar de procedencia, pois é moi común asocialas a certas zonas da costa coruñesa entre Muxía e Louro (Muros), tal e como recolle Fernández Rei (1990). A forma *-oi-*, non característica desta zona dialectal, é a que presenta a lingua estándar, está asociada a contextos formais e é difundida polos medios de comunicación e polo ensino.

Respecto da morfoloxía, debemos destacar que o primeiro informante reproduce de forma indistinta as terminacións *-dá* (característica do galego popular) e *-dad* do castelán, mentres que o segundo informante maioritariamente emprega a forma *-dade*, que se corresponde coa variedade estándar, mais nun cambio de contexto na conversa reproduce nun rexistro informal a terminación característica do galego popular en varias ocasións. Neste sentido,

podemos observar que os informantes empregan os índices de maneira distinta.

No caso do primeiro informante, parece que se produce un erro de monitorización no control dos seus usos lingüísticos, mais semella que a forma propia do español (-*dad*) é usada para darlle formalidade á intervención, malia que en certas ocasións emprega a forma tradicional (-*dá*), polo que é posible que non sempre controle os índices. Pola contra, para o segundo informante prodúcese claramente unha distinción entre a terminación do estándar (-*dade*), que indexa rexistros cultos e de formalidade, fronte a forma tradicional (-*dá*), que unicamente se emprega cando hai unha ruptura no discurso. Desta maneira, o coñecemento tanto de trazos da variedade estándar coma do español e a escolla por parte dos interlocutores parece evidenciar unha ideoloxía favorable tanto cara á variedade estándar coma cara a variedades lingüísticas empregadas na esfera pública, o que asenta a idea de que polo menos, para estes dous interlocutores, se trata de variedades de maior prestixio.

No plano sintáctico, a pesar de que de forma xeral ambos os informantes empregan construcións sintácticas acordes á gramática do galego común, prodúcese no informante 1 unha anticipación do pronome en oración afirmativa (*i chas recrían i chas volven a mandar / i chas crían mal*) e ademais fai un uso reiterado da forma [i] para a conxunción copulativa galega *e*. Estes dous usos, frecuentes na lingua da esfera pública, en especial da política e das variedades do galego urbano (Regueira 1999 e 2016), están moi estendidos actualmente. Tal e como afirman Bucholtz e Hall (2010, p. 22), as formulas lingüísticas deste tipo “can also be imposed from the top to down by cultural authorities such as intellectuals or the media”, de maneira que se observa de forma máis ou menos clara que estas interferencias comezan a asociarse a rexistros de certa formalidade. Estas formas indexicais que reportan un tipo de información macrosocial como é o de clase social non baixa, e que o informante emprega no seu discurso para a creación dunha postura identitaria, complementanse ao mesmo tempo con variantes dialectais prototípicas do galego tradicional como a simplificación dos grupos cultos consonánticos -*cc-*, -*ct-* e -*pt-* ou a realización de paragoxe de -*e*. Neste sentido combínanse por un lado elementos lingüísticos da

súa variedade tradicional, aos que parece ser que os interlocutores non lles dan un valor indexador, senón que son empregados de forma natural, e polo outro lado formas asociadas a contextos formais como marca de modernidade e de profesionalidade.

En referencia á variación lexical, xa afirmaba García González (1976, p. 338) que “donde se manifiestan de modo más contundente las interferencias castellanas en el gallego es en el léxico”. En consecuencia, o discurso dos nosos informantes está fortemente influenciado por tecnicismos procedentes do castelán, que substitúen voces patrimoniais galegas asociadas a modelos produtivos anticuados que non corresponden cos modelos modernos actuais. En certos casos, como acontece co caso do binomio *muxir-ordeñar*, hai unha imperante utilización do termo castelán, o que indexa, a xuízo dos nosos informantes, modernidade, pois fai referencia á extracción do leite de forma mecanizada, fronte á forma *muxir*, que se asocia á gandería tradicional. Outra exemplificación clara presente neste modesto corpus prodúcese na diversa nomenclatura en lingua castelá empregada polos informantes, pois é recorrente o uso de termos como *novillas*, *cosechar*, *abonos compuestos e complejos*, que ás veces se alternan con formas ou adaptacións galegas como *colleitadora*, *becerras*, *nitroxeno* ou *dixestibilidade* entre outras. Non obstante, estas interferencias non só son extraídas do castelán, senón tamén do inglés ou do latín en menor medida cando se fai referencia á linguaxe clínica, o que reporta a información de que os nosos informantes son coñecedores de diferentes recursos que empregan ao seu criterio para dar un maior recoñecemento ao seu discurso e a través del incluírse dentro dun grupo social en concreto: o dos produtores agrícolas capitalizados, que empregan técnicas de produción modernizadas, moitas veces importadas dos modelos de produción doutros países.

En termos xerais, podemos observar que a lingua destes informantes garda unha serie de relacións en canto aos usos lingüísticos. Obsérvase como utilizan, en diferente grao, elementos da súa variedade local, maiormente fonéticos, que se combinan con elementos, maiormente lexicais, importados doutras linguas (castelán e inglés) e doutras variedades lingüísticas (lingua estándar e modelos lingüísticos presentes na esfera pública) coas que mostran estar

familiarizados. As escollas reflicten posturas e identidades concretas que os informantes queren proxectar, tal e como son unha imaxe de modernidade, profesionalidade ou pertenza a un grupo social concreto.

Estas variedades híbridas están presentes en contextos conversacionais determinados, concretamente no discurso de tipo profesional, en situacións de semiformalidade (conversa no seus postos de traballo), e presentan unha notable diferenza con respecto a variedade informal dos propios falantes.

Con respecto ao cambio lingüístico e á súa natureza, pódese determinar que se leva a cabo como froito dun proceso de construción da identidade por medio do discurso e que está fortemente influenciado polo contexto no que se leva a cabo, xa que se puido observar a utilización de patróns lingüísticos concretos durante as súas intervencións, como poden ser os saltos de escala. Pola contra, púidose observar tamén que nas rupturas do discurso por factores externos á conversa, o seu discurso achegábase máis á variedade esperada por estes tipo de interlocutores en canto a trazos xeográficos, sociais e situacionais, presentando así variedades cun gran dinamismo.

8. Conclusión

Tomando como punto de partida os postulados da terceira vaga da sociolingüística variacionista (Eckert 2012; Kiesling 2009), que propón que as identidades se constrúen na interacción, con consecuencias que afectan o cambio lingüístico, tratouse de demostrar, por medio da análise da lingua de dous informantes dunha área rural situada no occidente da provincia da Coruña, que as formas de contacto co español e coa variedade estándar se combinan xunto cos trazos característicos da fala local para indexar valores principalmente de tipo sociocultural e ideolóxico. Puidemos comprobar a través das intervencións dos nosos informantes que estas formas indexicais están á súa disposición para a creación de identidades mediante a interacción (Joseph 2010) e que a través do mecanismo da indexicalidade (Silverstein 2003) constrúen diversas posturas e ideoloxías.

O contacto coa variedade estándar, producido mediante a escolarización e a súa difusión na administración pública e nos medios de comunicacións de masas, móstrase en maior ou menor medida en todos os informantes a partir da utilización de formas propias desa variedade que non están presentes na súa fala local e que se asocian principalmente a rexistros formais e cultos. Nela, segundo o criterio dos nosos informantes, os trazos fonéticos locais característicos como o seseo e a gheada ou as formas con ditongo en *-ui-* (*muito*), asociados á pertenza a certos grupos sociais e a contextos informais, non teñen cabida nese tipo de contextos discursivos.

Ademais, o contacto coa lingua castelá, producido pola súa difusión en practicamente todos os ámbitos, pero especialmente en contextos profesionais e industriais, móstrase sobre todo no plano léxico a partir da adaptación de terminoloxía específica, relacionada coas actividades que os informantes desenvolven no seu día a día. Como puidemos observar, substitúen certas formas galegas polas formas castelás que se asocian a técnicas e modelos produtivos industrializados ata hai ben pouco no ámbito rural, polo que tamén se pode defender que indexan modernidade.

Cabería resaltar tamén a enorme influencia da difusión de certos modelos lingüísticos que se reproducen no seo da esfera pública e que teñen un forte impacto sobre outras variedades lingüísticas. Este tipo de usos lingüísticos asóciase a certa elite cultural e social, polo que a orientación cara á escolla destes recursos indexicais marca certo grao de distinción fronte a outros grupos sociais e utilízase para construír personalidade no discurso.

Finalmente, aínda que as mostras non son representativas debido a que se limitan a dous únicos informantes, debemos destacar que estes resultados amosan indicios de que as variedades dalgúns membros das comunidades rurais non son máis conservadoras e impermeables ás mudanzas lingüísticas, posto que, como acabamos de demostrar, tamén estas presentan un gran dinamismo no sentido da creación de novas variedades, en que usos lingüísticos tradicionais da variedade local se combinan con elementos tomados da variedade estándar e/ou da lingua castelá. Estas variedades aparecen no discurso profesional (que era o tema da conversa), nunha situación de semiformalidade (entrevista no seu lugar de traballo) e, polo

menos, nalgúns casos presentan unha notable diferenza respecto da variedade informal dos propios falantes.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario e Xove, Xosé (2002). *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Balsa Barreiro, José (2011). Evolución del urbanismo y de la disposición territorial del poblamiento en un municipio coruñés de interior: caso de Santa Comba (Galicia, España). *Revista de Urbanismo*. 24, 76-118.
- Bealer, Robert C.; Willits, Fern K. e Kuvlesky, Williams P. (1965). The meaning of rurality in American society: Some implications of alternative definitions. *Rural Sociology*. 30, 255-266.
- Blommaert, Jan (2010). *The Sociolinguistics of Globalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Bucholtz, Mary e Hall, Kira (2010). Locating identity in language. En: Carmen Llamas e Dominic Watt, eds. *Language and Identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 18-28.
- Calderón Noguera, Donald Freddy e Alvarado Castellanos, Julia (2011). El papel de la entrevista en la investigación sociolingüística. *Cuadernos de Lingüística Hispánica*. 17, 14-16.
- Eckert, Penelope (2012). Three waves of variation study: the emergence of meaning in the study of sociolinguistic variation. *Annual Review of Anthropology*. 41, 87-100.
- Fernández Ordóñez, Inés (2012). Dialectal areas and linguistic change. Pronominal paradigms in Ibero-Romance dialects from a cross-linguistic and social typology perspective. En: Gunther De Vogelaer e Guido Seiler, eds. *The Dialect Laboratory. Dialects as a Testing Ground for Theories of Languages Change*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 73-106.
- Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, Elisa (2008). Algúns aspectos da prosodia nos medios de comunicación. En: Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé L. Regueira, eds. *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*.

- Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 247-255.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998). *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- García González, Constantino (1976). Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano. *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*. 6 (2), 327-343.
- González González, Manuel (1991). Subsistemas de sibilantes do galego actual. En: Dieter Kremer, ed. *Actes du XVIII CILPhR* (Trier, 1986). Tübingen: Niemeyer. vol. 3, 531-548.
- González González, Manuel, dir. (2003). *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Margarita (2002). *El gallego hablado de Cangas de Morrazo*. Tese de doutoramento. Universidad de Oviedo.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2017). Economía. Os sectores de actividade. Definicións e conceptos teóricos. *Instituto Galego de Estatística. Portal educativo* [web]. Disponible en <http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Sectores/Teoria.htm#primario>
- Johnstone, Barbara (2010). Locating language in identity. En: Carmen Llamas e Dominic Watt, eds. *Language and Identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 29-36.
- Joseph, John (2010). Identity. En: Carmen Llamas e Dominic Watt, eds. *Language and Identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 9-17.
- Kiesling, Scott (2009). Style as stance: Can stance be the primary explanation for patterns of sociolinguistic variation? En: Alexandra Jaffe, ed. *Sociolinguistic Perspectives on Stance*. Oxford: Oxford University Press, 177-194.
- Mariño Paz, Ramón (2017a). Breve reflexión histórica sobre o cambio inducido por contacto castelanizante en galego. En: Xosé Luís Regueira e Elisa Fernández Rei, eds. *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 45-62.
- Mariño Paz, Ramón (2017b). *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Míguez Iglesias, Dolores (1996). Seseo e gheada en Viceso (Brión). *Cadernos de Lingua*. 14, 39-57. <https://doi.org/10.32766/cdl.14.172>
- Monteagudo, Henrique e Santamarina, Antón (1993). Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects. En: Rebecca Posner e John N. Green, eds. *Trends in Romance Linguistics and Philology*. A Haia: Mouton de Gruyter, 117-173.
- Monteagudo, Henrique (1999). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Penny, Ralph (2004 [2000]). *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- Pizarro Pedraza, Andrea (2016). Variación semántica y significado social: hacia una sociolingüística cognitiva de la Tercera Ola. *Dicenda*. 34, 311-338.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2014). Mantenimiento y cambio lingüístico: fricativas sibilantes en gallego. *Revista de Filología Románica*. 31, 151-168.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2015). Coma na casa en ningún lado. Mantemento, cambio e identidade nunha fala rural. *Gallècia – III Congreso Internacional de Lingüística Histórica (Santiago de Compostela, 27-30 de xullo de 2015)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2016a). La lengua de la esfera pública en situación de minorización: español y portugués como lenguas de contacto en el lenguaje político gallego. En: Dolors Poch Olivé, ed. *El español en contacto con las otras lenguas peninsulares*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, 39-59.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2016b). *Actes du XXVII^e Congrès international de linguistique et de philologie romanes (Nancy, 15-20 juillet 2013). Section 8: Linguistique variationnelle, dialectologie et sociolinguistique*, Jean-Paul Chauveau, Marcello Barbato, Inés Fernández Ordóñez, eds., Nancy: ATILF [ed. Electrónica] (Data de acceso: 17/02/2022).

- Rial Montes, Tamara (2018). As sibilantes en Zas: análise dun cambio en proceso. *Cadernos de Lingua*. 36, 9-29. <https://doi.org/10.32766/cdl.36.1>
- Roseman, Sharon R.; Prado Conde, Santiago; e Pereiro Pérez, Xerardo (2013). Antropología y nuevas ruralidades. *Gazeta de Antropología*. 29 (2), artigo 01.
- Ruiz Rivera, Naxhelli e Delgado Campos, Javier (2008). Territorio y nuevas ruralidades: un recorrido teórico sobre las transformaciones de la relación campo-ciudad. *EURE: Revista latinoamericana de estudios urbano regionales*. 4 (102), 77-95.
- Silverstein, Michael (2003). Indexical order and the dialectics of sociolinguistic life. *Language & Communication*. 23 (3-4), 193-229.
- Suárez Quintas, Soraya (2017). O galego non é o ghallego que falamos nós: A percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico. En: Xosé Luís Regueira e Elisa Fernández Rei, eds. *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 189-213.
- Woolard, Kathryn (2008). Whydatnow?: linguistic-anthropological contributions to the explanation of sociolinguistic icons and change. *Journal of Sociolinguistics*. 12 (4), 432-452.